



## CONVENIO SOLRED-CEC

A Confederación de Empresarios de La Coruña (CEC), no seu afán de mellorar a calidade dos seus servizos, acaba de asinar un acordo con Solred, principal empresa española de medios de pagamento en estacións de servizo.

A través deste convenio, os nosos asociados poderán gozar de condicións vantaxosas de desconto ao repoñer carburantes nas estacións de servizo Repsol, Campsa e Petronor.

Solred, S.A. é a principal empresa española de medios de pagamento en estacións de servizo. Emite e xestiona diferentes tarxetas para a Rede de Estacións de Servizo coas marcas Repsol, Campsa e Petronor. Actualmente, dispón dunha rede de máis de 3.400 estacións de servizo, asegurando deste xeito unha cobertura total e facilitándolle ao condutor do vehículo a tranquilidade de saber que poderá repoñer na rede máis moderna e máis extensa do noso país. Ademais, a Tarxeta Solred admítese como medio de pagamento en todas as peaxes de autoestrada de España.

Solred conta co mellor equipo de profesionais a nivel europeo dispostos a solucionar calquera contratempo a través do Servizo de Asistencia 24 H e da amplísima Rede Nacional de Talleres Oficiais adheridos ao Grupo Repsol e especialmente seleccionados pola súa calidade e bo servizo.

Como nota innovadora, Solred pon á súa disposición toda a información actualizada a través da Internet. Seleccionando distintos niveis de información reflectidos nun menú principal, chegará fácil e libremente aos datos que precise; ademais, para garantir a seguridade, a información privada referente ás súas contas é de acceso restrinxido, só mediante unha clave persoal, os nosos clientes poderán acceder á información sobre as súas contas, estatísticas de consumo, contratación de servizos e mantemento.